



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00019470C.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 11 de abril de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 13 de abril de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000652X.

Licenza para o modificado do proxecto básico e de execución de substitución da cuberta do Pazo de Raxoi.

Acórdase conceder ao Consorcio da cidade de Santiago, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente; a execución de substitución da cuberta do Pazo de Raxoi conforme o MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO PAZO DE RAXOI redactado por arquitectos da Oficina Técnica do Consorcio da cidade de Santiago, cun orzamento de execución material de **571.515,34 €**.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00039757W.

Aceptar cesión de viario e licenza para o proxecto básico para a construción de vivenda unifamiliar en LG A Torre Branca.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/12/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo tres mil douscentos dezasete. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para o proxecto básico presentado o 07/09/2021 e a documentación técnica presentada o 06/10/2021 e o 04/01/2022, cun orzamento de execución material de 225.731,62 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00016252A.

Licenza para a construción de piscina de uso privado na Rúa da Campiña, 1.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria técnica de data de visado do 26/08/2021, cun orzamento de execución material de 10.230,20 €, a construción de piscina de uso privado na Rúa da Campiña, 1 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00046898J.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para a construción de vivenda unifamiliar e piscina en LG Peregrina.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 06/04/2022, outorgada ante Notario co número de protocolo mil cento dezaseis. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 14/10/2021 e documentación complementaria presentada o 13/01/2022, 05/03/2022 e o 06/04/2022, cun orzamento de execución material de 120.000,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina en Lg Peregrina s/n Longas Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00005710Q.

Licenza para o parcelamento de Fonte Pullas, Nemenzo Marantes.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 02/02/2022 e a documentación presentada o 23/02/2022, a parcelación da Parcela situada en Fonte Pullas Nemenzo -Marantes Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO 950 A. Superficie Bruta e Neta Total 3.222,00m²s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (891,00m²s), e Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria (2.331,00m²s).

PARCELA RESULTADO 950 B. Superficie Bruta Neta Total 898,00m²s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (898,00m²s).

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00037188D.

Licenza para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Lg Silvouta 3B Roxos.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto básico e de execución de data de visado do 06/07/2021 e a documentación presentada o 30/11/2021 e o 28/02/2022, cun orzamento de execución material de 90.150,11 €, a reforma e ampliación de Vivenda Unifamiliar no Lugar Silvouta 3B Roxos, Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00038469W.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para a construción de vivenda unifamiliar en LG Sionlla de Arriba.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 18/11/2021 , outorgada ante Notario co número de protocolo mil cento vinte e oito.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 25/11/2021 e a documentación técnica presentada o 27/01/2022 e o 29/03/202, cun orzamento de execución material de 129.402,00 €, a construción de vivenda unifamiliar situada no Lg Sionlla de Arriba Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012438F.

Licenza para a reorganización do espazo dedicado a oficinas e almacén na edificación auxiliar da Dirección Xeral de Montes na Rúa San Lázaro, 63.

Acórdase conceder á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data de visado do 31/08/2021 e a documentación técnica presentada o 02 e 03 /09/2021, a reorganización do espazo dedicado a oficinas e almacén na edificación auxiliar da Dirección Xeral de Montes situada na Rúa San Lázaro 63 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 28.806,35 €.

10. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00048335R.

Rexeitamento de recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2021, relativo á aprobación definitiva dos Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da área de execución integral AEI-D do PERI-2 (Conxo De Arriba).

Acórdase rexeitar o citado recurso de reposición formulado contra os Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da área de execución integral AEI-D do PERI-2 (Conxo de Arriba), aprobados definitivamente o 8.02.2021.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00012130V.

Aprobación do expediente denominado “Pavimentación rúa Elena Quiroga, A Barca, e A Braña de Silvouta (Vilvestro). Plan único de Concellos (POS+ 2021) – Deputación da Coruña”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Pavimentación rúa Elena Quiroga, A Barca, e A Braña de Silvouta (Vilvestro). Plan único de Concellos (POS+ 2021) – Deputación da Coruña”, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de **54.814,21 euros** (45.301,00 euros + IVE 21%: 9.513,21 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de Proxecto: 2021 2 PPROV 32)

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036041N.

Aprobación do expediente denominado “Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes do Concello de Santiago de Compostela “, apertura do procedemento de adxudicación e aprobación do gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes do Concello de Santiago de Compostela “e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **1.284.787,97 euros** (1.061.808,24 euros +21% de IVE que ascende a 222.979,73 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 INSTALAC. DEPORTIVAS. CONSERV. MANTEN. CAMPUS FÚTBOL. Reservando as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios

Anualidade 2022: (5 meses): 133.832,08 euros

Anualidade 2023: (12 meses): 321.196,99 euros

Anualidade 2024: (12 meses): 321.196,99 euros

Anualidade 2025: (12 meses): 321.196,99 euros

Anualidade 2026: (7 meses): 187.364,92 euros

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033167J.

Adxudicación do servizo de “Rehabilitación do edificio “Casa das Máquinas” (Acondicionamento Interior)” á empresa a ESQUEIRO SL.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o servizo de “Rehabilitación do edificio “Casa das Máquinas” (Acondicionamento Interior)” á empresa a ESQUEIRO SL, por importe de **147.646,62 euros** (122.022,00 euros máis 21% IVE; 25.624,62 euros), sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas. Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 030 93300 6320000 3 EDUSI 1 1 CASA DAS MÁQUINAS. conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: 147.646,62 euros

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00015509S.

Prórroga do Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para a frota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP, á empresa BILBAO SEGUROS CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do Contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro para a frota de vehículos do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP, á empresa BILBAO SEGUROS CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., polo periodo dun ano a contar desde as 00:00 horas do 8 de maio de 2022 ata as 24:00 horas do 7 de maio de 2023.

O importe da prima anual de **32.032,83 euros**. Este gasto está exento de IVE ao abeiro do disposto no artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido

Segundo.- Comprometer o gasto con cargo á aplicación 030 92000 2240100 na anualidade de 2022 por un importe de 32.032,83 euros.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00001597C.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2022 ata o 30 de abril de 2023 e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2022 ata o 30 de abril de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 12-xuño-2007, na súa cláusula segunda estableceuse que a partir do ano 2009 o prezo de alugamento incrementárase conforme á variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (abril de 2021 ata abril de 2022).

Para o mes de maio de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 775,96 € máis IVE (938,91 €).

A renda definitiva a partir do 1 de maio de 2022 fixarase unha vez sexa publicado o IPC do mes de abril de 2022

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 11.266,92 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, dos seguintes exercicios:

Anualidade 2022 (01/05/2022 ata 31/12/2022): 7.511,28 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 30/04/2023): 3.755,64 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente. Publicado o IPC de abril de 2022 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de maio de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

16. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00017843A.

Corrección de erros do acordo adoptado o día 18.4.2022 do proxecto de alumeado da Rúa das Estrelas.

Acórdase corrixir o erro material detectado no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de 18 de abril de 2022 de aprobación do proxecto da obra *“Instalación de alumeado público na Rúa das Estrelas* de xeito que:

Onde di:

☐ Orzamento das obras: 77.927,53 € + 77.927,53 € de IVE (21%) = 94.292,31 €.

Debe dicir:

☐ Orzamento das obras: 77.927,53 € + 16.364,78 € de IVE (21%) = 94.292,31 €.

17. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00019241K.

Aprobación da orde de continuidade do contrato administrativo de prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

1.- Ordenar á prestataria do servizo de mediación sociocultural da rede de Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela "FERROVIAL SERVICIOS S.A." a continuidade da prestación do servizo desde o 1 xuño de 2022 ata a data de adxudicación do novo contrato.

A aplicación orzamentaria municipal para a imputación do gasto é 040 33403 2279900.

O orzamento municipal conta con consignación orzamentaria na anualidade 2022 para atender o importe do contrato durante período de orde de continuidade deste ano, que suma unha contía mensual de 77.151,89 € máis 16.201,90 € de IVE.

2.- A prestación do servizo durante a vixencia da orde de continuidade rexeráse polo previsto no contrato, prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas.

18. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00017806N.

Aprobación de prezos públicos das actividades de verán - horario de conciliación.

Acórdase:

1.-Aprobar os prezos públicos das actividades específicas de tempo libre con horario de conciliación realizadas nos centros socioculturais de Santa Marta, Pontepedriña, A Trisca, Vite,A Gracia, Figueiras, Marrozos, Lavacolla, Laraño e Nemenzo, durante o período comprendido dende o 1 ao 29 de xullo de 2022.

Prezos mes completo: 80 euros

Prezos quincena: 40 euros.

2. Aprobar os prezos con descontos en virtude do artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A previsión de ingresos derivados do pago das cotas dos participantes resulta ser de 13.440 €. Os pagamentos deberan efectuarse mediante a sede electrónica do Concello de Santiago no prazo límite do 30 de xuño de 2022.

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00008926N.

Aprobar o convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL ONG) para a implementación dunha "Rede de apoio á realización de actividades de voluntariado dirixidas a persoas maiores e menores con necesidades de acompañamento, dependencia e formación".

Acórdase aprobar o texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL ONG) para a implementación dunha "Rede e apoio a realización de actividades de voluntariado dirixidas a persoas maiores e menores con necesidades de acompañamento, dependencia e formación".

A aplicación e execución deste Acordo, incluíndo ao efecto, todos os actos xurídicos que puidesen ditarse na súa execución e desenvolvemento, non suporá, en ningún caso, obrigas económicas para o Concello de Santiago de Compostela e, en todo caso, deberán ser atendidas cos seus medios persoais e materiais.

20. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00015637M.

Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2022; así como o correspondente gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres

e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2022.
Segundo. Aprobar a retención de crédito polo importe destinado a esta convocatoria de **30.000 euros** (TRINTA MIL EUROS) que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 23102 4890100/2022.

21. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00018871L.

Aprobación do procedemento de solicitude de praza no programa de conciliación de Verán, gratuidade do programa e solicitude de alta no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.

Acórdase:

- 1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.
- 2.- Aprobar o procedemento e **prazos de inscrición, do 26 de abril ao 6 de maio** (ámbolos dous inclusive) para o programa de conciliación de Verán no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes, que se desenvolverá do 23 de xuño ao 9 de setembro en cinco quendas; e que contará con 73 prazas.
- 3.- Aprobar a gratuidade do programa.

22. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00018124P.

Aprobación da memoria programática e económica do XXVI Certame de Teatro Intercentros 2022.

Apróbase a memoria programática e económica do XXVI Certame de Teatro Intercentros 2022., que se desenvolverá o 9 de maio en CEIP Raíña Fabiola, CEIP Casas Novoa, e IES Rosalía de Castro; o 10 de maio no IES do Brión; o 11 de maio no IES Antón Fraguas e no IES de Cacheiras; e o 12 de maio no IES Xelmirez I e en Danza Mandala.

23. DEPORTES. Referencia: 3533/2022.

Prórroga do contrato coa sociedade mixta “Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L.”.

Acórdase prorrogar o actual contrato coa sociedade mixta “Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L.”, ata 19 de maio de 2023, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no Consello de Administración do Consorcio da Cidade de Santiago respecto do complexo deportivo “Multiusos Fontes do Sar”.

24. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00018102D.

Rectificación de erros no acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de abril de 2022 de delegación de competencias.

Acórdase:

Primeiro. Rectificar o erro existente no acordo do 13 de abril de 2022 da Xunta de Goberno Local, na parte relativa á delegación de competencias na concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns, que debe figurar coa seguinte redacción:

“3. Na concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns:

- A resolución dos procedementos para o outorgamento das prestacións reguladas na “Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela “Compostela+”, a aprobación da xustificación das axudas (art. 12) e a autorización e disposición de gastos e o recoñecemento de obrigas nesas procedementos.

- A resolución dos procedementos de concesión de bolsas de comedor, actividades extraescolares e material escolar e a disposición do gasto e o recoñecemento das obrigas nesas procedementos.”

Segundo. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00019383W.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PA 240/2021 CA2.

Dase conta da sentenza nº 329/2021

Obxecto: multa coercitiva de 1500 euros pola non execución das obras urxentes de estabilización do muro do Pazo de San Lourenzo.

A sentenza estima o recurso ao entender que as actuacións ordenadas no Decreto do 17.06.2020 foron parcialmente executadas polos interesados.

Na opinión do xulgado, consta que as actuacións realizadas supoñen o cumprimento parcial do ordenado; e tendo en conta a finalidade instrumental da multa, aquel considera que dita finalidade foi cumprida, polo que a multa debe ser anulada e deixada sen efecto.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de licenzas e disciplina para a súa execución

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00019083R.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local de resolución procesual recaída no procedemento PA 372/2021 CA2.

Dase conta da citada resolución procesual.

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de intereses de demora de data 20.11.2017, por importe de 6.793,34 euros

O decreto dispón a terminación do procedemento xudicial por desistencia da parte recorrente, á que non se opuxo o Concello.

Non procede interpoñer recurso algún, ao decretarse a terminación do procedemento xudicial.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución procesual.
2. Non interpoñer recurso de revisión.
3. Remitir á Dirección da Área de Réxime Interior para os efectos procedentes.

27. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00019470C.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 13 ao 21 de abril de 2022.

URXENCIAS

28. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 215/2021 CA2.

Dase conta da sentenza nº 54/2022, do 23.02.2022

Obxecto: Reclamación do cobro da factura correspondente ao servizo de auditoría da concesionaria do servizo municipal de augas por importe de 18.029 euros máis IVE, e os correspondentes intereses de demora (1.676,46 euros).

A sentenza é desfavorable para os intereses municipais ao estimar demanda no relativo ao aboamento da factura e máis os intereses, se ben considera que estes deben calcularse excluindo o IVE e consonte as regras fixadas na propia sentenza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Dirección de Réxime Interior aos efectos da súa execución.